

Definición sector servizos

-Balanza comercial: é o rexistro de todas as importacións e exportacións entre un país e o resto do mundo. As exportacións rexístranse como datos positivos, mentres as importacións de países estranxeiros se rexistran como datos negativos, e da diferenza entre os dous datos dará un saldo positivo (superávit comercial) ou negativo (déficit comercial). A Balanza comercial española ten un saldo deficitario pois nela teñen máis valor as importacións (produtos enerxéticos como o petróleo) que as exportacións (automóbiles)

-Economía somerxida: Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e as leis e normativas laborais, e que permiten a subsistencia dun sector máis ou menos amplo da poboación segundo os países. Poden ser desde produtos ou traballos puntuais onde non se cobra o IVE ou non se paga o IRPF do traballador, ata o tráfico de substancias ilegais e a prostitución.

-Ecoturismo: chamamos ecoturismo a unha tendencia do turismo alternativo, diferente ao turismo tradicional. Nestas actividades turísticas privilexiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o medio ambiente e a comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados. En España pode estar asociado ao sendeirismo ou turismo de montaña, aos parques naturais que xa teñen unhas restricións severas, etcétera.

-Franquía: cadeas de establecementos pertencentes a empresas xuridicamente distintas ligadas por un contrato no que unha (a franquidora) lles concede a outras (as concesionarias) a licenza para explotar unha marca ou unha fórmula comercial mediante o pagamento dunha cantidade determinada, achegándolle a asistencia, a publicidade, etc. Este feito, xunto a unha organización do espazo interno e outros elementos moi similares en todos os casos, confírelles unha personalidade bastante estandarizada. As empresas concesionarias aproveítanse dos beneficios das compras centralizadas e das campañas publicitarias únicas. En España abundan as franquías de informática (PCBOX), comida rápida ou restauración (Pans & Company), talleres de reparación (Midas)...

-Taxas aeroportuarias: pagos que realizan os viaxeiros e as mercadorías do transporte aéreo, polo uso das instalacións e servizos dos aeroportos. No noso país estas taxas as xestiona AENA, e varían segundo cada aeroporto polo que algunhas compañías aéreas escollen voar a un ou outro dependendo do valor destas taxas para abaratar o billete de avión (Stansted Vs Heathrow en Londres)